

ASALTO DE CAMA

Juanluis Mira

PERSONAXES:

MARCELO
MARTIRIO
MARCOS
MARINA
ÁRBITRO

O ESPACIO DE COMBATE:

UNHA CAMA DE DIMENSIÓNS ESAXERADAS: UN ESCENARIO-CAMA-RING, Á QUE SE CHEGA POR UN PAR DE ESCADIÑAS LATERAIS.

PELEXAN POLO TÍTULO:

MARCELO, "O TIGRE DA GÜEP",
MARCOS, O SEU PREPARADOR,
CONTRA...

MARINA, "BEIZOS DE XEO",

MARTIRIO, A SÚA PREPARADORA.

e COA PRESENZA ÁS VECES INCORDIANTE, OUTRAS SERVICIAL, SEMPRE DIVINA DE...

O ÁRBITRO/PRESENTADOR

OS PROLEGÓMENOS DO COMBATE:

NA GRAVATA, OS CATRO PERSONAXES, DE COSTAS.

DOUS DELES: MARINA E MARCELO, LEVAN LUVAS DE BOXEO, AS DE MARINA SON VERMELLAS; AS DE MARCELO, AZÚIS.

OS OUTROS DOUS, MARTIRIO E MARCOS, SOSTEÑEN NUNHA MAN UN BALDE DE LATÓN; NA OUTRA, UNHA TOALLA.

CANDO SE LLES NOMBRA, VÍRANSE E PRESENTAN AS SÚAS CREDENCIAIS CARA AO PÚBLICO AO TEMPO QUE REALIZAN OS HABITUAIS MOVEMENTOS BOXÍSTICOS DE PRE-QUECEMENTO ANTES DO COMBATE.

SOA O GONG REPETIDO CO QUE COMEZA A PRESENTACIÓN.

A VOZ CANTARINA ANUNCIA AOS CONTRINCANTES:

O PRESENTADOR/ÁRBITRO PERSONAXE COMODÍN BATE NUNHA CAMPÁ AO USO, COS SEUS INSOPORTÁBEIS DECIBELIOS:

PRESENTADOR. ¡Combate a seis asaltos, polo título doméstico dos pesos medios, entre os seguintes púxiles: Marcelo... O tigre da güep!

OS OUTROS TRES PERSONAXES. ¡Ben!

PRESENTADOR. ...40 anos, 77 quilos, traxe gris marengo modelo executivo. Móbil nokia de 133 gramos...

MARCELO. 3.000 nomes na axenda, con tradución automática para inglés e chinés mandarín, VGA, USB, GPRS, interné, XHTML, Wappppp, Blue Toothhh e trávelin incorporado... Unha pasada.

PRESENTADOR. Solteiro e sen compromiso.

OS TRES. ¡Ben!

MARCELO. Cando quero sexo e non o teño a tiro, págoo e punto. É unha inversión segura, sen riscos. A fondo perdido.

MOVE A PELVE, ATA O FONDO.

PRESENTADOR. 287 combates, 273 vitorias por puntos, 94 vitorias por K.O. técnico.

OS TRES. ¡Ben!

PRESENTADOR. 14 combates nulos...

OS TRES. (DECEPCIÓN) ¡Oohhhhhh!

MARCELO. Gatillazos. ¡Mardito alcol!

PRESENTADOR. Ningunha derrota.

OS TRES. ¡Toureiro, toureiro...!

MARCELO. Ole os meus collóns.

PRESENTADOR. Os seus amigos din que presenta síntomas de posible namoramento.

OS TRES. ¡¡¡Ah???? ¿¿¿Qui lo saaaaa?

PRESENTADOR. ¡Contra... Marina, Beizos de xeo...!

OS TRES, MENOS MARINA. ¡Ben!

PRESENTADOR. 36 anos, 60 quilos de peso, medidas 90-60-91...

OS TRES. ¡Uiiii!

MARINA. Non se pode ser perfecta... Mellor dito: non se debe ser perfecta.

PRESENTADOR. Máster en Administración de Empresas e Economía Somexida.

OS TRES. ¡Chof, chof...!

PRESENTADOR. 76 combates realizados, 76 vitorias por K.O.

OS TRES. ¡Ostras!

MARINA. ¡ Non houbo home que me fixera dobrar os xeonllos, en ningún dos sentidos!

PAUSA. PÉNSAOS. SORRÍ.

¡Por agora!

PRESENTADOR. ¡Os seus amigos din que, por fin, se namorou de verdade!

OS TRES. *(DECEPCIÓN CUN TOQUE ROMÁNTICO PASTELEIRO.)* ¡Oohhhh!

PRESENTADOR. ¡Aos seus postos!

O PRESENTADOR COLÓCASE NO CENTRO. MARCELO E MARCOS, QUE FAI DE ADESTRADOR, VANSE CARA Á ESQUERDA; MARINA E MARTIRIO, A SÚA ADESTRADORA, Á DEREITA.

MARCOS. ¡Coidadiño cos seus beizos!

MARCELO. ¿Os de arriba ou os de abaixo?

MARCOS. Coño, non é o momento de gastar bromas... Nótote demasiado seguro e non me gusta un pelo; a ver se agora vas tirar por terra todo o que tanto esforzo che custou...

MARCELO. Vale, vale, tranquilo.

MARCOS. Cuspe.

MARCELO APUNTA AS SÚAS PALABRAS CARA AO BALDE-CUSPIDEIRA QUE LLE ACHEGA O SEU AMIGO MARCOS. EN VEZ DE CUSPIR, FALA AO BALDE.

MARCELO. ¡Vou gañar!

MARCOS. ¡Máis convicción, *joder!*

MARCELO. ¡Marina é un simple pasatempo, un ligue máis!

MARCOS. ¡Máis!

MARCELO. ¡É unha petarda!

MARCOS. ¡Iso está mellor, máis!

MARCELO. ¡É... é... é un saco de celulite e ten halitose! ¡Non vou permitir que me leve ao seu terreo e menos que me saque unha Xefatura de Sección!¿Pero qué se cre...? ¡Tíroma e punto!

MARCOS. ¡Este é o meu rapaz!

NO OUTRO EXTREMO, CON ACTITUDES PARALELAS.

MARTIRIO. ¡É moi perigoso no corpo a corpo!

MARINA. ¡Máis son eu!

MARTIRIO. ¡Vale, pero nada de confianza, ten máis experiencia! Cuspe.

MARINA. ¡É só un paquete!

MARTIRIO. ¡Esquece o seu paquete! Máis.

MARINA. ¡Vouno facer morder o *polvo!*

MARTIRIO. Primeiro o paquete, despois o *polvo*: ¿é que non podes pensar noutra cousa? Máis contundencia.

MARINA. ¡Non me vai trabar cun simple posto na executiva! ¿Pero qué se cre...? ¡Se quere que trague...!

MARTIRIO. E dálle...

MARINA. ...se quere que... se quere iso simplemente, utilizarme como un simple pasatempo, ¡custaralle máis do que imaxina!

MARTIRIO. ¡Non abonda, quero máis bilis, *joder!*

MARINA. ¡É un machista de merda e voulle machacar o corazón ata que me dea o ascenso que merezo!

MARTIRIO. ¡Iso está mellor! ¡Máis!

MARINA. ¡Cabronazo!

MARTIRIO. ¡Esa é a miña nena!

PRESENTADOR. ¡Primeiro asalto!

PRIMEIRO ASALTO

TIRARON AS LUVAS.

SOA O GONG. CADA PARELLA VAI CARA AO SEU CORRESPONDENTE TRAMO DE ESCADAS. MARCELO E MARINA SOBEN Á CAMA ESCENARIO CUADRILÁTERO. MARCOS E MARTIRIO, ATENTOS ÁS INCIDENCIAS, SENTAN NO BANZO MÁIS BAIXO. O ÁRBITRO PREPARA O ESPACIO, AXUDADO POLOS DOUS CONTRINCANTES: ADIANTA A ALMOFADA ATA MOI PERTO DO LÍMITE DA CAMA. AÍ SENTAN OS PÚXILES, COAS PERNAS COLGANDO. A MARCELO DÁLLE UN VOLANTE DE COCHE DEPORTIVO. A MARINA UN PINTALABIOS. ESTA FAI COMO QUEN SE RETOCA OS BEIZOS MIRÁNDOSE NUN PEQUENO ESPELLO IMAXINARIO. EL CONDUCE CON SOBRADA MESTRÍA. APOIA O BRAZO ESQUERDO NA VENTANILLA ABERTA. O ÁRBITRO, UNHA VEZ COLOCADOS, ATENTO SEMPRE, DIRIXE CARA A ELES UN PEQUENO VENTILADOR. CADA VEZ QUE MARCELO "CAMBIA" DE MARCHA, O APARELLO CAMBIA A UN PROGRAMA MÁIS FORTE. OS PELOS, AO VENTO, INDÍCANOS QUE VAN A TODA PASTILLA. O RUÍDO DO "MOTOR" FAI QUE DEBAN ERGUER A VOZ. MARCELO BÍCAA LIXEIRAMENTE NOS BEIZOS, SEN DEIXAR DE CONDUCIR.

MARINA. ¿Non vamos demasiado rápido?

MARCELO. ¿Ti cres?

MARINA. Sí.

MARCELO. Mellor así. Sen rodeos. Meto a directa. E punto. É a lei.

MARINA. ¿Cál?

MARCELO. A da relatividade. A máis velocidade, máis tempo vivido.

MARINA. Se non nos estrelamos antes.

MARCELO. É o meu estilo: nada de rodeos.

MARINA. Iso está ben, pero... así non hai xeito de...

MARCELO. (CANTA.) A aventuraaa ponma duraaaa.

SORRÍ. MARINA NON SABE SE SORRIR OU NON. DENDE OS SEUS RESPECTIVOS CURRUNCHOS

MARCOS. ¡*Joder*, Marcelo, non soltes a esquerda agora, aínda non, estúdaa, estúdaa! ¡Que non te enteras, contreras! Só che estaba dicindo que non pode pintar ben os beizos... nada máis... non fagas metafísica, *joder!*

MARTIRIO. ¡Por aí, por aí, ti cóbrete ben; pero estás sendo demasiado sutil, non sei, cambia o sentido, finta, estou tomando ao revés, non esquezas que é un tío, tía, polo tanto é demasiado simple, é torpe, fai que se confíe un pouco, ensínalle os dentes pero sen pasarte...

MARINA. É que así cústame retocarme... Referíame a...

MARCELO. Xa, sei ao que te referías... era só unha broma "metafísica"...

CHÍSCALLE O OLLO A MARCOS.

MARINA. Imaxinaba que non podías ser tan torpe...

ENSÍNALLE OS DENTES, ESTIRANDO OS BEIZOS. FAILLE UN XESTO Á SÚA ADESTRADORA. MARCELO PISA O FREO IMAXINARIO, CAMBIA A MARCHA, REDUCE A VELOCIDADE. O VENTILADOR CAMBIA O PROGRAMA A UN QUE

APENAS SE PERCIBE.

MARCELO. ¿Así está mellor?

MARINA. Mellor. Só será mentres acabo de perfilar os beizos...

MARCELO. Gústanme os teus beizos. Todos.

MARCOS. Xa estamos, non sabes outra cousa, ti achégate, ti achégate que verás que gancho che vai soltar...

MARTIRIO. Ataca cando baixe a garda.

MARINA. Non creo que na oficina coñezan ese punto teu... tan... groseiro.

TERMINA DE PERFILAR OS BEIZOS.

MARCOS. ¡Qué che dixen!

MARTIRIO. ¡Iso é! ¡Directo ao fígado!

MARCELO. Desculpa, era só unha broma de mal gusto... recoñézoo... Os xefes, ás veces, tamén somos humanos... Ás veces...

(SORRÍ.)

MARCOS. Ben ese paso atrás, móstrate vulnerable, pero sen pasarte, agora vas ben... Que se confíe...

MARCELO. O que quería dicirche é que me gustas de todas formas, con ou sen maquillaxe.

MARINA. Vaia, iso é outra cousa. Non te creas que son das que pasan o día enteiro diante do espello.

MARCELO. Non quero parecerche o que non son. Un puntinho de coquetería sempre está ben.

MARINA. Un pouquiño de rimel, un toque nos beizos... Só que non me deu tempo nin a... ¿E qué es?

MARCELO. Iso terás que descubri-lo ti sola.

MARINA. Intentareino, aínda que non temos todo o tempo do mundo.

MARCELO. Ese é o reto.

MARINA. A verdade é que a un home coñéceselle enseguida. Sodes demasiado previsíbeis.

MARCELO. A unha muller non se lle chega a coñecer de verdade nunca. Imaxino que non serás a excepción.

MARINA. Non tiveches esa sorte.

MARCELO. Torres máis grandes xa caeron.

MARINA. Soldados máis valentes se bateron en retirada...

MARCELO. ¿SÍ?

MARINA. Ahá: co rabo entre as pernas...

SORRÍN OS DOUS.

ÁRBITRO. Menos trabarse, menos pasividade, vamos... Que isto é un espectáculo e a xente pagou a súa entrada, señores, que aburrimos ata ás ovellas... Miren se non...

INVÍTAOS A QUE ROMPAN A CUARTA PAREDE DO RING E MIREN CARA AO PATIO DE BUTACAS...

O da terceira fila está durmíndose... Así que máis chispa, por favor...

MARCOS. Están estudándose.

MARTIRIO. Iso digo eu.

ÁRBITRO. Pois que pasen a lección xa ou quedan descualificados os dous.

MARCOS. Ti non te amodorres...

MARTIRIO. Zóscalle.

MARCELO. ¿Queres que poña música?

MARINA. Sí, por favor... Qué tes...

MARCELO. Qué é o que che gusta...

MARINA. Non sei: Sinnead O'Connor, por exemplo...

MARCELO. Mira a ver se teño por aí algo dese tío...

MARINA. Non creo, entre outras cousas porque é unha tía...

MARCOS BOTA AS MANS Á CABEZA.

MARTIRIO. ¡Toma! ¡Por chulo!

MARCELO. Confundíraa cun irlandés que empezou con U2, Sydney O'Callahan... Sabes de quen falo, ¿non?

MARINA. Non.

MARCOS. Nin ti tampouco, a iso chámolle eu ter recursos... bos reflexos...si señor... Pero segues estando tenso de máis...

MARCELO. ¿Eu?

MARCOS. Non, eu. Pareces parvo.

MARCELO. Busca algo de Kenny G., vai ben para conducir...

MARINA. Aquí está.

MARCELO. Servirá para que nos relaxemos un pouco...

MARINA. Si, estamos algo tensos... Os dous.

MARCOS MIRA CARA AO SEU CURRUNCHO.

MARCELO. É normal, só estamos empezando... (SOA KENNY G.) Quédanos todo un fin de semana por diante... Encántame o saxo. Soa a... xa me entendes.

PAUSA.

MARINA. ¿Sabes?

MARCELO. ¿Que?

MARINA. Tiña moitas ganas de que chegase este momento. Cara a cara, ti e eu, sen un despacho por medio. Imaxino que saberás que temos a toda a empresa pendente de nós.

MARCELO. Como que me fixeron apostar a min tamén.

MARINA. Por ti, naturalmente.

MARCELO. Naturalmente. ¿E ti?

MARINA. ¿Eu? Non aposto.

MARCELO. É unha situación curiosa. ¿Non cres? ¿Gústache?

MARINA. Si.

MARCELO. En dez minutos chegaremos ao hotel. Vaiche encantar. Espero que nos dean unha habitación con vistas ao lago. Espectacular. Ten incluso unha pequena praia artificial...

MARINA. Xa vexo que o coñeces ben.

MARCELO. Daremos un baño antes de comer.

MARINA. Imaxino que é o teu picadeiro favorito.

MARCELO. Vaiche sorprender a auga: ten unha cor verdosa, polo fondo, esmeralda. Pero está limpa limpa limpa...

MARINA. Un hotel irresistible. Estará conxelada.

MARCELO. Deses con encanto. ¿Qué?

MARINA. A auga, que estará conxelada.

MARCELO. Qué va. Sorprendentemente quente.

MARINA. Ti si que es unha boa sorpresa. ¿Non?

MARCELO. Iso espero: unha boa sorpresa. ¿Non?

MARINA. Faime esa mesma pregunta o luns no traballo e eu responderei a verdade.

SOA A CAMPÁ. CADA UN DOS CONTENDENTES RETÍRASE AO SEU CURRUNCHO.

MARCOS ACENDEU UN PITILLO, DÁLLO. OS DOUS SEGUEN DE PÉ.

MARCOS. Dúas caladas, sentarache ben. Tés que relaxarte.

MARCELO. Si, notábame bloqueado. É que a tía cruza as pernas e...

MARCOS. Ao final arranxáchelo un pouco, menos mal. Pero non te arrisques tanto. Non fixemos máis que empezar. E mira onde tés que mirar.

MARCELO. ¿Quén carallo é Sidney O...?

MARCOS. Sinnead, non Sydney, apavado; esa calviña que parece que escapara de Auschwitz e vaia facer un pase de modelos... Moi guapa... é unha tía moi importante, coñecidísima. Ata a miña avoa sabe quen é. Un patinazo. Se non chegas non arrisques, como hai que dicircho. Mide a distancia. Díxenche que che faltaba adestramento. Menos Julio Iglesias e máis pop dos 90, díxencho.

MARCELO. Vale, vale, dixéchesmo.

MARCOS. Cóllese antes a un mentireiro cá a un coxo.

MARCELO. Entendido.

MARCOS. Déixate levar. Que marque ela a iniciativa. É unha muller de hoxe e sabe o que quere.

MARCELO. E tanto. ¿Está boa, eh?

MARCOS. Se segues así acabarás mordendo a lona. Iso é o que ela quere, que te fixes onde non debes.

MARCELO. Non te preocupes, non o conseguirá.

MARCOS. Tés un equipo detrás que confía en ti, faino por el, disciplina: dous pasos adiante e un atrás. Diso se trata. Coño, que estás ti moi curtido nestas lides como para que te asoballe unha novata ...

MARCELO. Tanto como unha novata...

MARCOS. Unha boa aspirante, pero novata ao fin e ao cabo.

MARCELO. Tereino en conta.

MARINA SENTA E MARTIRIO LÍMPALLE CUN CLINEX A COMISURA DOS BEIZOS. CORRÉUSELLE UN POUCO A PINTURA.

MARINA. Téño no bote.

MARTIRIO. Non o creas. É a súa táctica. Quere que te confíes.

MARINA. ¿Ti cres?

MARTIRIO. Pois claro. E cando menos o esperes, ao chan.

MARINA. Pensaba que ía ser un tipo máis... non sei... máis.

MARTIRIO. E eu críate menos inxenua. É todo fachada. Sabe que ti sabes máis do que deberas saber e pretende crearche dúbidas. Facerse o accesible, que te arrimes cada vez máis...

MARINA. Pois a min dábase a impresión de que...

MARTIRIO. Para nada. Ou me fas caso ou buscas outra. Mantén a distancia, ¿okei?

MARINA. Okei.

MARTIRIO. Dous pasos atrás e un adiante.

MARINA. Un bo baile.

MARTIRIO. Espérao.

MARINA. Espéroo.

MARTIRIO. E contraatacas.

MARINA. Cha cha chá.

MARTIRIO. É a salsa de todo isto. Ti déixaste levar. O tío crese que manda e a que mandas ao final es ti. Pensa en toda a xente que está contigo. Hainas que arriscaron máis de medio soldo por ti.

MARINA. Unhas poucas.

MARTIRIO. As suficientes. E imos gañar, ¿okei?

MARINA. Okei.

SEGUNDO ASALTO

A MESMA "DECORACIÓN" QUE NO PRIMEIRO ASALTO, SÓ QUE AGORA É MARINA A QUE CONDUCE MENTRES EL ACENDE UN PITILLO.

A LUZ, CUN FORTE TOQUE ÁMBAR, CAMBIOU.

MARINA. Con que dez minutos...

MARCELO. Iso pensaba eu... ¿Estás cansa?

MARINA. É o quinto.

MARCELO. ¿Qué?

MARINA. O quinto cigarro.

MARCELO. Xa. Se queres apágoo.

MARINA. O que quero é encontrar ese puto hotel.

MARCELO. Ti tamén sabes dicir groserías.

MARINA. Só cando estou mosca.

MARCELO. E agora estás.

MARINA. ¡Ti qué cres? Dáme a min que por vacilarme tanto coa velocidade e o

Einstein pasácheche. (*IMITÁNDOO*): "é o meu estilo, nada de rodeos"...

MARCELO. Cando encontres outra gasoleneira paramos e preguntamos.

MARINA. Acabamos de encher o depósito. Púidoseche ocorrer antes.

MARCELO. Igual nos trabucamos de estrada.

MARINA. Trabucaríaste ti, mona. Que eu saiba eras ti o que me levabas ao picadeiro.

MARCELO. Nunca dixen nada parecido.

MARINA. Dixéchelo.

MARCELO. (*PREGUNTA AO ÁRBITRO.*) ¿Dixen que era o meu picadeiro?

O ÁRBITRO CONSULTA UNHA LIBRETA.

MARCOS. Ti qué vas dicir.

MARTIRIO. Pois claro que o dixo. E ben claro.

O ÁRBITRO FAI UN SINAL. ACABA DE ENCONTRAR A PÁXINA. CAMBIA A LUZ. OS CONTENDENTES VOLVEN Á POSICIÓN DO PRIMEIRO ASALTO. EL CONDUCE E ELA PINTA OS BEIZOS.

MARCELO. En dez minutos chegaremos ao hotel. Vaiche encantar. Espero que nos dean unha habitación con vistas ao lago. Espectacular. Ten ata unha pequena praia artificial...

MARINA. Xa vexo que o coñeces ben.

MARCELO. Darémonos un baño antes de comer.

MARINA. Imaxino que é o teu picadeiro favorito.

MARCELO. Vaiche sorprender a auga: ten unha cor verdosa, polo fondo, esmeralda. Pero está limpa limpa limpa...

O ÁRBITRO FAI UN XESTO CARA AO PÚBLICO, COMO SE FOSE ESTE O XUÍZ DEFINITIVO DA CONTENDA.

ÁRBITRO. (*CON VOZ DE PREGOEIRO.*) ¡Non o dixo! ¡Nooooon señooores! ¡Puntooo para Marelo!

MARCELO E MARINA VOLVEN Á POSICIÓN DO ASALTO, MARINA CONDUCE. MARCOS FAI UN XESTO DE VITORIA. MARTIRIO QUÉIXASE DENDE O SEU CURRUNCHO.

MARTIRIO. ¡Se non o dixo, insinuouno...! ¡É evidente!

MARCOS. Non o dixo. E punto.

MARTIRIO. Quen cala outorga.

MARCOS. Quen puntúa, gaña.

MARCELO. ¿Díxeno?

MARINA. Digamos que o dixeches sen dicilo, que é o mesmo.

MARCELO. O malo das mulleres é que vos gusta ler entre liñas. Ese é o voso problema.

MARCOS. Aí te quero ver. ¡Con contundencia!

MARINA. O malo dalgúns homes é a vosa prepotencia.

MARCELO. Sempre é mellor a prepotencia que a impotencia. ¿Non cres?

MARCOS. ¡Non a cagues agora cun chiste dos teus...!

MARTIRIO. Ah, pero ¿era un chiste?

MARINA. ¿Era un chiste?

MARCELO. Non o era.

MARINA. ¿Cóntoche eu un...?

MARCELO. De acordo. Así tranquilizámonos. A ver qué graza tes.

MARINA. Vai unha parella pola estrada sen parar de dar voltas como *gilipollas* buscando o hotel dos seus soños cando ela vai e dille. (*BERRA ANOXADA.*) ¿Ónde coño está o hotel?!

COLLEUNO DESPREVENIDO: COMO SE SE LLE DESENCAIXASE A MANDÍBULA DO SUSTO. ELA CAMBIA O TON, MOI SUAVE.

E el vai e di: ¿Ónde coño...? Pois onde vai estar: telo entre as pernas.

PAUSA

¿Cóllelo?

MARCELO. (*AÍNDA CO SHOCK ENRIBA.*) Non.

MARCOS. Sae inmediatamente, veña, reflexos, vamos... para qué tes a cintura.

MARCELO. (*DE REPENTE, CAE.*) Ah, xa... (*SORRÍ.*) ¡Entre as túas pernas!

MARINA. Non sei o que imaxinarías ou o que che contaron, pero entre as miñas, dende logo o lago si que non cabe.

MARCELO. Isto sóame.

MARINA. Qué.

MARCELO. Este chopo.

MARINA. Como que pasamos xa tres veces polo mesmo sitio. Pero vamos a ver... (*XIRA O VOLANTE, VAI CARA AO ARCÉN IMAXINARIO. PARA O MOTOR.*) ¿Seguro que sabes ónde vamos?

MARCELO. Pois claro.

MARINA. Pois estamos perdidos dende hai tres ou catro horas.

MARCELO. Pois non o entendo. Entende que eu tamén estou canso.

MARINA. E eu estou cansada de que te marques farois. ¿Paréceche ben se comezamos polo principio?

MARCELO. Agora si que non o entendo.

MARINA. ¿Cándo foi a última vez que estiveches no hotel? ¿Cómo fuches?

MARCELO. Non sabería dicir.

MARINA. ¿Como que non saberías dicir? O colmo. Non celebrarías alí a túa primeira comunión, joder...

MARCELO. É que... é... a primeira vez que vou. Recomendoumo un amigo.

MARINA. Acabáramos.

MARCELO. El adoitaba ir cunha amiga e contoume marabillas.

MARINA. ¿Da amiga?

MARCELO. Tamén.

MARINA. ¿E non se lle ocorreu darche un planciño ou algo que servise de guía?

MARCELO. Non. Deume o teléfono. Só me dixo que non tiña perda, que o encontraríamos enseguida.

MARINA. En dez minutos. ¿Tés o teléfono?

MARCELO. ¿O do hotel? Fixo a reserva a miña secretaria directamente. Terao ela.

MARINA. Estupendo. Pois o do teu amigo. O do teu amigo. ¿Telo?

MARCELO. Téño.

MARINA. Menos mal.

MARCELO. Téño no despacho.

MARINA. Deussss.

MARCELO. É Marcos.

MARINA. Home, Marcos. Busca na axenda do meu móbil. No bolso.

MARCELO. Aquí está.

MARINA. Veña, ¿a qué esperas para chamalo?

MARCELO. Ben, si. (*BUSCA. MARCA.*) A miña axenda é que está chea. 3.000 nomes e xa ves, non cabe unha letra máis...

MARINA. É que es un tío importante.

MARCELO. Non te pases. (*ESPERA.*) Vouno coller de carallada, menudo é el.

MARINA. Así a próxima vez que che descubra o seu picadeiro máis próximo axuntarache un plano para amigos con encefalograma dubidoso.

SOA UN MÓBIL. É O DE MARCOS.

MARCOS. ¿Sí?

MARCELO. Perdoa, tío, pero estou perdido...

MARCOS. Xa te vexo, digo, xa te oio...

MARCELO. O hotel... que non encontramos o hotel nin á de tres. Estas estradas son todas iguais.

MARCOS. Tranquilízate, igual é que cho dixen mal... como cando fun non conducía eu...

MARCELO. Entón...

MARCOS. Espera que faga unha chamada e explícocho, non colgues.

MARCELO. Á présa, que esta está crecéndose.

MARCOS. Se fixeses caso e dedicáramos máis tempo á preparación. Quedamos curtos co adestramento. Fáltache ximnasio.

MARCELO. Cambia de copla, tío. Chama, veña.

MARCOS CHAMA. SOA O MÓBIL DE MARTIRIO.

MARTIRIO. ¿Qué enderezo lle deches, pringao?

MARCOS. Sueste: a B-3 Sueste. ¿É esa, non?

MARTIRIO. *(CO SORRISO DA VITORIA.)* Décheslle a contraria. Díxenche Suroeste. Así van cara á costa, e teñen que ir cara ao interior, ceporro... B-3 Sur-o-es-te.

MARCOS. Ben, grazas. Déixote, que teño présa. ¿Estás ben?

MARTIRIO. Divinamente.

MARCOS. Chamámonos.

MARTIRIO. Un día destes, pringao.

MARCOS. Estrada do Suroeste, díxenche do Suroeste, pringao...

MARCELO. Non me fodas. ¿Seguro? Xuraría que me dixeches...

MARCOS. Sur-oeste, acáboo de confirmar.

MARCELO. ¿E agora qué facemos?

MARCOS. Ou buscas outro hoteliño ou dás a volta. Mellor o segundo, igual chegades a cear.

MARCELO. ¿A cear? A próxima vez dásmo ben o enderezo.

MARCOS. Que cha dei ben. Unha letra. Trabucácheste nunha letra. Se tomáramos o adestramento como Deus manda non nos pasaba isto...

MARCELO. Colgo.

MARINA. ¿Qué?

MARCELO. Un pequeno erro. Unha letra. Non é Sueste B, senón Suroeste B. O meu amigo trabucouse.

MARINA. ¿O teu amigo aínda está aprendendo as vocais?

MARCELO. O meu amigo é un alto executivo da empresa que che paga.

MARINA. Coñézoo e el nunca se trabuca. Así vai a empresa. E agora, ¿qué facemos?

MARCELO. Dala volta. Déixame, conduzo eu.

MARINA. Deussss.

VOLVEN Á POSICIÓN DO PRIMEIRO ASALTO. MARCELO METE A PRIMEIRA E ARRANCA. O ÁRBITRO ENFÓCALLES O VENTILADOR.

MARCELO. Haberá que apertar o acelerador se queremos chegar á cea...

MARINA. ¿Á cea?

MARCELO. Joder, síntoo, Marina. Así é a vida. Tampouco é tan grave confundir dúas letras. Non se vai acabar o mundo.

MARINA. Dende logo que non Marcuro.

MARCELO. ¿Cómo?

MARINA. Só cambiei o "e" por un "u", Marcuro. Tés razón: non se vai "cagar" o mundo.

MARCELO PISA AÍNDA MÁIS O ACELERADOR. SOA O GONG DO FINAL DO SEGUNDO ASALTO. OS DOUS RETÍRANSE CARA AOS SEUS CURRUNCHOS. MARCELO SENTA MENTRES MARCOS LLE COLOCA UNHA GRAVATA E LLE VAI FACENDO O NÓ.

MARINA SENTA TAMÉN. MARTIRIO, PLETÓRICA, RECÓLLELLE O PELO E AXÚDAA A POR OS PENDENTES.

MARINA. ¿Cómo vamos?

MARTIRIO. Igualados.

MARINA. ¿E a penalización?

MARTIRIO. Superadísima. tiveches un final xenial. Estiveches sembrada, de veras.

MARINA. Dilo para dar-me ánimos.

MARTIRIO. Para nada. Ao teu nivel, estiveches ao nivel que esperamos de ti. Qué un-dous, tía. Esa última serie foi demoledora. Sigue por aí: esperas e atacas. Se o asalto dura un minuto máis, falo papilla.

MARINA. Non sei, non sei. Esgótame. Sabes que non me senta ben o pelo recollido.
MARTIRIO. Dáche clase.
MARINA. Ten oficio, o cretino, pero sinto boas vibracións. Estanlle saíndo as cousas rematadamente mal.
MARTIRIO. Que siga a racha. Canto peor, mellor.
MARCELO. Un minuto máis e faime papilla. Como solta a esquerda a moi... O nó que non sexa moi grande. ¿Gomina?
MARCOS. Non te preocupes. Es un faxador da hostia. Non, que salpica. Ánimo. Non pode contigo, non pode. Se non foses ti xa tería tirado a toalla. E nin se me pasou pola cabeza. Es un encaixador nato. Paciencia, xa se cansará. É imposible que siga a este ritmo.
MARCELO. Iso espero. Está como encabuxada.
MARCOS. Pola penalización, é normal. Trábate. Se volve a pasar, trábate e que corran os segundos. ¿Qué tal andas de apetito?
MARCELO. Comía un touro.
SOA O GONG.
O ÁRBITRO PREPAROU UNHA PEQUENA MESA, CON DÚAS CADEIRAS. UNHA ROSA VERMELLA, NO CENTRO. TODO ESTÁ LISTO PARA SERVIR O...

TERCEIRO ASALTO

O ÁRBITRO OFICIA AGORA DE "MAITRE". ACABA DE ENTREGARLLES AS CARTAS DO RESTAURANTE, SON ENORMES.

MARCELO. ¡Touro! Precisamente. Rabo de touro... ¿Paréceche?
MARINA. Paréceme ben. Calquera cousa antes de que desmaie.
ÁRBITRO. A estas horas... É que...
MARCELO. Cando hai fame non hai horas, amigo...
MARINA. E sobre todo despois da viaxe que fixemos...
ÁRBITRO. ¿Custoulles aos señores encontrar o hotel?
MARINA. Nooon. Estaba ao lado da casa pero el preferiu buscar un atallo que pasa por París.
MARCELO. Esaxerada. Un erro de cálculo, qué máis dá: ben está o que ben acaba, ¿non, Marina? O hotel é precioso.
ÁRBITRO. Seguro que lles vai encantar. Déronlles unha boa habitación con vistas ao lago?
MARCELO. Se nola deu vostede...
ÁRBITRO. Lémbrome perfectamente: a suite 69.
MARINA. Imaxinamos que o que se ve é o lago, pero ao ser de noite, pois ver o que se di ver, non vemos moito...
ÁRBITRO. Van ver qué amencer tan romántico.
MARINA. O malo do amencer é que te colle sempre durmindo.
ÁRBITRO. A min non.
MARINA. ¿É vostede o maitre, o recepcionista, o relacións públicas ou o dono do hotel?
ÁRBITRO. ¿Perdón?
MARINA. Desculpe, pero é que levamos máis de oito horas sen pegar bocado..
ÁRBITRO. Ah, si, claro... Rabo de touro. Veremos o que se pode facer. ¿Algunha entrada, algún aperitivo?
MARINA. Eu tomaba unha boa ensalada.
ÁRBITRO. ¿Ensalada da casa?

MARINA. De onde sexa, con tal de que sexa rápida.

MARCELO. E champaña.

MARINA. Qué detalle.

MARCELO. Cando un chega ao fin do mundo ten que celebralo.

ÁRBITRO. ¿Francés?

MARCELO. Non, de aquí.

ÁRBITRO. Preguntarei na cociña.

SAE MOI REVERENCIAL O MAITRE-HOTEL AÍNDA QUE UN POUCO PICADO POLA ACTITUDE DE MARINA.

MARCELO. É a primeira vez que me preguntan se son francés.

MARINA. Referíase ao champaña.

MARCELO. (RI.) Tanto quilómetro deixoume algo lelo.

MARINA. Polo menos empezas a recoñecelo.

MARCELO. Qué golpe máis bo. ¿Francés? (RÍ.) Non, de aquí. ¡Serei *gilipollas!*

MARINA. ¡Qué alto executivo máis curtiño...!

MARCELO. Vámolo pasar ben, ¿verdade, Maremoto?

MARINA. Vamos intentalo polo menos, Marcuro.

SORRÍN.

MARCELO. Bo *rollo*. Quédanos todo o domingo para disfrutar. E se te portas ben esta noite, na 69, mañá lévote ao lago.

MARINA. Pois claro que me vou portar ben esta noite. Non penso roncar.

MARCELO. ¿É que adoitas a roncar?

MARINA. Menos ca ti.

MARINA. ¿E ti cómo sabes que ronco?

MARINA. A túa secretaria regaloume estes tapóns. (*ENSÍNALLOS.*)

MARCELO. ¿A miña secretaria? Vaia. Ben, espero que esta noite non teñamos tempo nin para roncar... Xa me entendes.

MARINA. Creo que si. Xa me entendes.

MARCELO. E se non... xa me dirás cando nos cepillemos man a man a botella de champaña. *Joder*, qué erótico me saíu, ¿non? Cepillarse un montón de burbullas xeadas...

CHEGA O MAITRE-ÁRBITRO.

ÁRBITRO. Dinme na cociña que... non teñen rabo.

MARCELO. (*SORRÍ.*) Pobriños.

ÁRBITRO. Que ao ser tan tarde, pois, xa practicamente a cociña está pechada. Se queren mirar algo máis da carta...

MARINA. Entrecosto ao roquefort... por exemplo.

ÁRBITRO. Nada de prancha. É que a cociña...

MARINA. Xa te oímos. (*ENFADADA.*) Entón ¿para qué diaño nos dá a carta? Díganos o que podemos tomar e punto. Seguro que cabe nun *posit*.

ÁRBITRO. ¿Ónde?

MARINA. (*LEVANTANDO A VOZ MÁIS DA CONTA.*) ¡Nun *confeti*, coño!

AO ÁRBITRO NON LLE GUSTOU A ACTITUDE DE MARINA. PARA A ACCIÓN, RETOMA A SÚA FUNCIÓN DE ÁRBITRO. PITA FORTEMENTE CO SILBATO. MIRA CARA AO PÚBLICO E FAI UN XESTO ELOCUENTE.

ÁRBITRO. ¡Peeeeenalización! ¡Puuuunto para Marcelo!

MARTIRIO. (*INDIGNADA.*) ¡Pero qué dis, home! ¿Por qué non lle regalas directamente o combate e acabamos antes? ¡Toongo, tongooo!

MARCOS. Si, señor, iso é un árbitro.

MARTIRIO. ¡Así, así, Marceeeelooo gaña así! ¡Así, así, Marcelo gaña así...!

MARCOS. Campioooooóns, campioooooóns, oé, oé, oéeeee...!

MARTIRIO. ¡O día que poñan unha árbitra, xa veremos o que pasa...!

O ÁRBITRO VOLVE A SER MAITRE.

ÁRBITRO. Poden pedir ensalada e...

MARCELO. ¿E?

ÁRBITRO. Ensalada. Hai moitas.

MARINA. Pois tráiaas todas.

MARCELO. E o champaña. Francés.

ÁRBITRO. Díxome que o quería de aquí, preguntei na cociña e díxéronme que aquí non facían champaña.

MARCELO. Pois pregunte se teñen francés.

ÁRBITRO. Preguntarei ao somelier.

RETÍRASE UNS METROS.

MARINA. Este árbitro é imbécil.

O ÁRBITRO OÍUNO, VÓLVESE, MARCELO FAI UN XESTO COMO DICINDO "FOI ELA". O ÁRBITRO PÉNSAO. MIRA AO PÚBLICO. ESTA VEZ CONTENSE E PERDÓALLE A PENALIZACIÓN. RETÍRASE CARA AO FONDO.

MARCELO. Non debemos pasar pola habitación, díxencho.

MARINA. Non, se a culpa tereina eu. ¿Qué restaurante é este que teñen unha carta tan grande e unha cociña tan pequena? Agora que o penso... es ti... o hotel, ben, o restaurante... é como se foses ti... É como se fosedes todos os homes do mundo.

MARCELO. Explícate.

MARINA. Unha carta demasiado grande para unha cociña tan ridícula. Polo menos iso é o que di a túa secretaria...

MARCELO. A miña secretaria non me di que pase fame.

MARINA. Aínda que ultimamente a tés a dieta.

MARCELO. Así aprenderá a pechar a boca.

MARINA. Se pecha a boca pode facerche dano...

MARCELO. Moi graciosa. Quero dicir: así aprenderá a calar.

MÓSTRASE CONTRARIADO.

MARTIRIO. Ben, ben, tocando, insiste nos baixos, aí é onde máis lles doe... Un-dous, un-dous...

MARCOS. Vamos, vamos, arriba, que non decaia a moral, non pasa nada, lanza ti, dálle...

MARCELO. Ademais, a miña cociña non pecha nas 24 horas do día.

MARCOS. Moi bo, moi bo...

MARINA. Será porque non ten a quen servir...

MARTIRIO. ¡Chúpate esa esquerda!

CHEGA O ÁRBITRO CUNHA BOTELLA DE CHAMPAÑA E DÚAS COPAS. ENSINA A ETIQUETA A MARCELO.

ÁRBITRO. O somelier buscou na bodega o mellor champaña: Veuve de Clicqot. ¿Servirá?

MARCELO. Perfecto.

ÁRBITRO. ¿Sirvo eu ou prefire que lles sirva persoalmente o somelier?

MARINA. Énos indiferente.

ÁRBITRO. Entón se non lles importa servireilles eu, que tamén son o somelier.

MARINA. ¿E non será vostede mesmamente o xefe de cociña, por casualidade?

ÁRBITRO. O xefe, o pinche e o camareiro. Unha simple cuestión de reparto, señorita. Non están os tempos para prodigar figurantes.

MARCELO. Entón, deixe, xa sirvo eu.

MARINA. Así dálle tempo a dicirlle ao cociñeiro que prepare as ensaladas canto antes...

ÁRBITRO. As ensaladas xa están preparadas.

MARINA. Pois avise ao camareiro.

ÁRBITRO. Como vostedes queiran. Avísome enseguida.

MARINA. Ja.

OUTRA MIRADA A MARINA. ESTÁ GAÑANDO A DESCALIFICACIÓN. RETÍRASE.

MARCELO. *(MENTRES ABRE A BOTELLA.)* Es demasiado dura. Chegamos fóra de horario.

MARINA. ¿Limpará tamén as habitacións? *(PAUSA)* Acabo de descubrir que Deus

dirixe un hotel... ¿ou será o seu primo?

MARCELO. Só intenta servirnos o mellor que pode.

MARINA. Pois entón que non veña con historias e nos diga o que hai, tanto paripé e logo nin un cutre bar de tapas...

MARCELO. *(SERVIU AS COPAS.)* Por nós. Nunca é tarde para empezar.

MARINA. É o máis sensato que dixeches ata agora. Pola verdade. E que gañe o mellor.

MARCELO. ¿O mellor?

MARINA. Ou... a mellor.

VOLVEN A SORRIR. BEBEN UN GROLO. NESE MOMENTO CHEGA O ÁRBITRO-CAMAREIRO LEVANDO CON MESTRÍA CATRO PLATOS DE ENSALADA: DOUS EN CADA MAN.

MARINA NON AGUANTA O SABOR DO CHAMPAÑA. CUSPE XUSTO CARA A EL. SOA O GONG. A MARINA SALVOUNA A CAMPÁ. VAI Á PRÉSA PARA O SEU CURRUNCHO PARA EVITAR MALES MAIORES. MARCELO SECA UN POUCO A CARA DO ÁRBITRO CUN PANO E RETÍRASE.

SE FOSE POLO ÁRBITRO O COMBATE TIÑA XA UN VENCEDOR.

MARTIRIO. Estaste pasando. Estás gañando a descualificación.

MARINA. Fixeno sen querer. ¿Probaches algunha vez champaña a corenta grados? É noxento. Fervía como un café.

MARTIRIO AXÚDAA A ESPIRSE, ATA QUEDAR EN BAÑADOR. COLÓCALLE UNHAS GAFAS DE SOL E DÁLLE UN BRONCEADOR.

MARTIRIO. Púidoche o subconsciente.

MARINA. Non te entendo.

MARTIRIO. Dixeches "o mellor". Iso son puntos. ¡Se non cres en ti mesma apaga e vámonos!

MARINA. Rectifiquéi enseguida.

MARTIRIO. É que é unha pena. Aos puntos, en xeral, estabas varrendo, pero, esa é outra: como se lle atravesase ao árbitro non temos nada que facer.

MARINA. Pois que a xente se entere dunha vez que isto está amañado. Como sempre.

MARTIRIO. Non che digo que baixes as bragas, pero intenta simplemente ser un pouco menos irónica. Pensa que pelexas con Marcelo, ninguén máis. E telo chupado.

MARINA. Non uses ese verbo, por favor, que me temo que iso é o que ven agora. Xa veremos como saio desta.

MARTIRIO. ¡Será por recursos...!

BREVE PAUSA.

MARINA. Martirio...

MARTIRIO. Qué.

MARINA. Non é tan malo como cría... Ten algo, non sei. Algo.

MARTIRIO. Preocúpasme, mari, preocúpasme...

NO OUTRO CURRUNCHO, MARCOS AXUDA TAMÉN A MARCELO. QUEDARON EN BAÑADOR. DÁLLE AS GAFAS DE SOL E O FINANCIAL TIMES.

MARCOS. Esquece todo. Imaxina que empezas agora. Cada asalto é como se empezase o combate.

MARCELO. Iso intento, pero é dinamita. Non se lle escapa unha á tía.

MARCOS. Preparouse a conciencia. Nótaselle. Estudoute ata o último detalle e vai por diante, pero agora é cando debes demostrar a túa veteranía. Tés que descubrir os seus puntos fracos.

MARCELO. ¿Tenos?

MARCOS. Como toda mortal. Dixo que gañe "o mellor".

MARCELO. Xa. Escapóuselle.

MARCOS. Ahá.

MARCELO. A pesar de todo non é tan fácil.

MARCOS. Non che dixen que sexa fácil. Só che digo que se conseguiches tantas

veces ¿por qué agora non?

PAUSA.

MARCELO. Marcos...

MARCOS. Qué.

MARCELO. Tiña razón antes. Esta non é como as demais . Non sei... encóntrolle outra cousa... non sei. Ten algo... Esta vez buscáchesme unha rival de altura...

MARCOS. Pois xa sabes, cubre os teus baixos...

MARCELO SORRÍ.

Preocúpasme, Marcelo, preocúpasme...

SOA O GONG. O ÁRBITRO RETIROU A MESA E AS CADEIRAS. DÚAS ALMOFADAS SERVEN DE CÓMODAS TUMBONAS SOBRE AS QUE ESTENDEN UN PAR DE TOALLAS. A LUZ DINOS QUE ESTAMOS NUNHA MAÑÁ SOLEADA. VAI DAR COMEZO O...

CUARTO ASALTO

MARCELO LE O XORNAL. MARINA TOMA O SOL. OS DOUS NON PARAN DE DAR PALMADAS AO AIRE E ÁS VECES NON TEÑEN MÁIS REMEDIO QUE ESMAGAR A PALMA DA MAN, CON SADISMO VINGATIVO, SOBRE AS COXAS, BRAZOS OU CARA. OS MOSQUITOS ESTÁN DÁNDOSE UN BANQUETE.

MARINA, MENTRES PON CREMA NA CARA, ACAB DE FULMINAR A UN.

MARINA. Mira.

MARCELO. Qué bárbaro.

MARINA. Agora entendo a felicidade do asasino. Pura vinganza.

PON UNHA CARA DE SÁDICA QUE METE MEDO.

MARCELO. *(LE O XORNAL.)* A que se nos ven enriba. Pícanos.

MARINA. Non che picarán a ti. Comigo estanse cebando. A bolsa, seguro.

MARCELO. O ibex 35 polo chan. Se non estiveses tan boa. Peor imposible. Entran ganas de vendelo todo.

MARINA. Se me dixeras que viñamos á xungla polo menos traía repelente.

MARCELO. Estamos no campo e no campo pasan estas cousas. pero non me digas que o sitio non ten encanto.

PAUSA. MARINA NON QUERE CONTESTAR. FINALMENTE FAINO.

MARINA. Si, teno.

MARCELO. Isto xa non é o que era. Non se salva nin Tokio. E non me digas que non me portei ben esta noite.

MARINA. Si, para seres un tigre, fuches moi discreto. Apenas te oín roncar e vomitar, non sei se por este orden.

MARCELO. Síntoo, pero a min as ensaladas pola noite é que non me entran... Hai un artigo moi interesante sobre hidrocarburos. A leituga dáme gases.

MARINA. O que non comprendo é cómo puides despatchar a botella de champaña ti só, co noxenta que estaba. Para min, os domingos, non existe o petróleo, e menos en inglés.

MARCELO. Só pensar no que me ían cobrar dábame sede. A min tamén me custa, pero pñoime ao día.

MARINA. Quedamos en que isto o pagabamos a medias. ¿Vale? ¿Ónde te mandou papá a facer o máster, a Massachussets?

MARCELO. A Boston. ¿E a ti?

MARINA. A Valla-doulith. ¿Sóache? Debiamos devolverlla a D. Capullo e que a bebera el co resto do persoal, é dicir: con el mesmo.

MARCELO. Psssss. Que seguro que anda cerca.

MARINA. Que me oia, total: ¿mellor para ti, non?

MARCELO. Non estaba tan malo. E despois, cando enfriou, ata estaba bo...

MARINA. Cando enfriou xa non quedaba case. Un cu.

MARCELO. Non me fales de cus que, despois dunha noite de abstinencia, estou vendo agora mesmo un bo exemplar. *(MÍRAA.)*

MARINA. ¿No Financial Times?

MARCELO. E ti devoraras as catro ensaladas.

MARINA. Menos unha leituga e unha cenoria que despachou aquí o coello da sorte.

MARCELO. Champaña quente con leituga. Vaía mestura.

MARINA. Gas letal.

MARCELO. Gases, xa cho dixen.

MARINA. Con certo en Pe maior para culombio e orquestra...

TAPA O NARIZ.

MARCELO. Cómo.

MARINA. Peidos. É que esquecín incluílo antes: vómitos, peidos e ronquidos.

MARCELO. Non fodas.

MARINA. Non, diso, precisamente, non houbo. Sería patético.

MARCELO. ¿Escapáronme?

MARINA. Uns poucos. Moi desafinados, por certo.

MARCELO. Vaia impresión che debo estar causando. Perdoa pero ata que me pasou a cogorza non me enteraba de nada.

MARINA. Tampouco vou esaxerar. Quedei frita enseguida.

MARCELO. ¿Sabes o que dicía non sei quén? Un clásico.

MARINA. Sobre qué.

MARCELO. Sobre os peidos.

MARINA. ¿Un clásico falando de peidos?

MARCELO. Si. Podían falar en verso, pero tirábanos igual.

MARINA. ¿Qué dicía?

MARCELO. Que ata que un home e unha muller non se peidean na cama non se pode dicir que houbera verdadeiro amor. Algo así. Unha verdade como unha catedral.

MARINA. Pois vaia co clásico.

MARCELO. Ao fin e ao cabo a química dunha parella é iso...

MARINA. Qué.

MARCELO. Un intercambio de fluídos.

MARINA. ¿Posme crema polas costas?

MARCELO. Será un pracer.

MARINA VÍRASE DE COSTAS. CHEGA NESE MOMENTO O ÁRBITRO EN PLAN CAMAREIRO DE PRAIA TROPICAL. TRAE DOUS COCOS CON PALLIÑA E LEVA UNHA GOIABEIRA MULTICOLOR.

ÁRBITRO. Pensei que lles apetecería un refresco.

MARINA. Deussss....

MARCELO. Non, o seu primo.

MARCELO NON SABE SE EMPEZAR A MASAXE, QUE LLE APETECE MÁIS, OU COLLER O COCO. O CAMAREIRO NON LLE DÁ OPCIÓN, ENTRÉGALLE O COCO E O OUTRO DÁLLO A MARINA.

ÁRBITRO. Esta vez preocupeime persoalmente de que estivesen ben fríos.

ESTENDE EL MESMO, CON MESTRÍA, A CREMA BRONCEADORA NAS COSTAS DE MARINA.

¿Descansaron ben?

MARCELO. Estupendamente.

ÁRBITRO. Sinto o do champaña.

MARCELO. Non importa. E nós a ducha...

ÁRBITRO. Facía moita calor, foi refrescante. ¿Máis forte?

MARINA. Está ben así.

MARINA DÁ UNHA PALMADA SOBRE A SÚA COXA. UN MOSQUITO MENOS.

ÁRBITRO. Estes mosquitos non aprenden. Vailles caer o pelo: téñolles dito que non molesten.

MARINA. É curioso: a este non lle pican. Téñena tomada só comigo.

MARCELO. Dío vostede como se estivesen en nómina.

ÁRBITRO. E están. ¿Onde veu vostede un lago sen mosquitos?

MARCELO. Pero este é un lago artificial...

ÁRBITRO. Con mosquitos de verdade, aí está o chiste.

MARINA. Pois eu non llo vexo.

MARINA DA UNHA PALMADA AO AIRE E ESTAMPA A MAN CONTRA A CARA DO ÁRBITRO. ESTE, LONXE DE AMOESTALA, TIRA DA CARA O CADÁVER E ENSÍNAO.

ÁRBITRO. Bo golpe... Agora ben, unha cousa é que estean, xa me entenden, que ambienten a cousa, e outra que se dediquen a molestar aos clientes. Mañá, ao paro. Faltaría máis.

MARCELO. É vostede sorprendente.

ÁRBITRO. Non esqueza que son xuíz e parte.

MARCELO. O coco está exquisito.

ÁRBITRO. É vostede moi amable. Boteille só unhas pinguiñas de ron, viranlle ben á súa resaca.

MARCELO. Está vostede en todo.

ÁRBITRO. É a miña obriga.

MARTIRIO. Que se biquen, ¡queeee seeee biqueeen...! ¡Será posible! ¡Pero qué pouca vergoña!

MARCOS. ¡Telo a güevo, chavaaal!

ÁRBITRO. ¿Segue vostede? A señorita ten unha pel magnífica.

MARCELO. Sigo eu, grazas.

MARINA. ¿Tamén se encarga vostede de facer as camas...?

O ÁRBITRO PÁSALLE A CREMA A MARCELO.

ÁRBITRO. A súa habitación xa está lista hai máis de media hora, por se lles apetece botar un... unha sesta... despois de comer. Por certo, a mesa está servida. hai rabo de touro. Menú especial para vostedes.

ANTES DE RETIRARSE.

Don Capullo deséxalles un feliz e descansado día.

A MARINA ATRAGÁNTASELLE O GROLO DE COCO. O ÁRBITRO DÁ UNHA PALMADA AO AIRE, COMO QUEN DÁ UNHA ORDE AOS SEUS ACOMPAÑANTES PARA QUE SE RETIREN CON EL. VAISE.

MARINA. Vaia elemento.

MARCELO. *(ESTENDENDO A CREMA.)* Levou os mosquitos.

MARINA. ¿Cómo?

MARCELO. Que aínda que pareza unha mentira xa non hai mosquitos. Marcharon con el. Se non o vexo non o creo.

MARINA INCORPÓRASE. BUSCA NO AIRE.

MARINA. ¡É verdade! Botounos á rúa.

MARCELO. Isto é a hostia.

MARINA. Segue, que o fas moi ben.

MARCELO. Grazas.

PAUSA.

MARINA. ¿Sabes?

MARCELO. Qué.

MARINA. Onte, mentres dabas o teu recital de sons nocturnos estiven a observarte.

MARCELO. ¿Non acabas de dicir que quedaches frita?

MARINA. Ben, si, antes de...

MARCELO. ¿E?

MARINA. Decateime de que, resulta difícil recoñecelo, pero estás feito de carne e óso, vaia, que es algo máis ca un neno de papá ao que lle incorporaron un montón de microchips conectados á pasta.

MARCELO. ¿E todo iso por tirarme un peido?

MARINA. Os microchips non saben de olores. E parecíchesme vulnerable. Un neno grande ao que nomearon delegado de curso pero que o que lle gusta de verdade é xogar no patio a facer trasnadas.

MARCELO. Moi interesante.

PAUSA.

¿Sabes?

MARINA. Qué.

MARCELO. Aínda que non me creas, non peguei ollo en toda a noite.

MARINA. Veña, veña...

MARCELO. Ben, quero dicir, que foi vomitar e dar unha cabezadiña e espertar. Non podía desperdiciar unha noite así, contigo ao lado e eu sobando; así que algo me espertou, de súpeto. Ti quedaras durmida... Quén me ía dicir a min que aquela muller era a trepa námbor guan da empresa. Parecías tan inofensiva e tenra. Pasei toda a noite mirándote.

MARINA. ¿E roncaba tamén?

MARCELO. Como un bebé.

MARINA. ¿De veras?

MARCELO. O bebé máis fermoso que vin nunca.

SOA O GONG DO FINAL DO ASALTO. MARCELO PASA DEL E SEGUE COA MASAXE. MARINA TAMPOUCO SE MOVE. SON OS SEUS PREPARADORES OS QUE ENFADADOS, ENTRAN NA CAMA-BEIRA DO LAGO E OS LEVAM CARA AOS SEUS CURRUNCHOS MENTRES O ÁRBITRO RETIRA TUMBONAS E TOALLAS. MARCOS AXUDA A VESTIRSE, DE MALA GANA, A MARCELO. ROUPA DEPORTIVA E ZAPATILLAS DE "BOWLING".

MARCOS. ¿Pódese saber a qué xogas?

MARCELO. Toca bolos. A miña especialidade. Igual hai récord.

MARCOS. ¿Pódese saber a qué xogabas?

MARCELO. Nada, un descanso, tomaba ar, iso é todo.

MARCOS. Tiñas que acabar no curruncho, non podía ser outro sitio. Ao centro, Marcelo, ao centro, e esquece os potingues, que non escarmentas. Co ben que o levas, vaia, home... nin descanso nin nada, acabas pronto e á ducha ¿de acordo?

MARCELO. de acordo.

MARCOS. ¿É que non viches cómo tes ao árbitro?

MARCELO. Pois claro que o vin.

MARCOS. ¿Entón?

MARCELO. Joder, tampouco é cuestión de humillala.

MARCOS. Pero qué coño me estás dicindo... O peor que podes facer é darlle cancha... ¿É que non sabes cómo son? Parece que caen, que as tes contra as cordas e, cando menos o esperas, zas, érguense, crochet á mandíbula e fúndente...

MARCELO. Non vai pasar.

MARCOS. Iso espero. Pensa polo menos nas apostas. No departamento todo o mundo te dá como gañador. Só algunha chalada apostou por ela, por solidariedade coa causa feminina, nada máis... Non podes facernos esta putada. Non nos fagas sufrir inutilmente. Fulmínaa. ¿A qué esperas?

MARCELO. Non sexas tan drástico e ponme gomina.

MARCOS. ¿Drástico? Non me toques os güevos e machácaa antes de que sexa tarde... E nada de gomina, que te pos perdido. Joder, preocúpate de onde mandas as bólas...

MARCELO. Só penso niso...

MARCOS. E nada de concesións.

MARCELO TÍRALLE DA MAN UN TUBO DE GOMINA, BOTA UN BO CHORRO NA MAN E ESTÉNDEO, DESAFIANTE, SOBRE O PELO.

MARTIRIO, VISIBLEMENTE CONTRARIADA, AXUDA A MARINA A POR A SÚA ROUPA DEPORTIVA.

MARTIRIO. Imaxino que será unha nova táctica que che ensinou alguén... Eu, desde logo, non.

MARINA. Cál...

MARTIRIO. Non sei, non te entendo, tía... Non quedamos niso. O corpo a corpo cando conveña. É perigoso achegarse tanto, moi perigoso. Parece mentira que sexas tan intelixente ás veces. Aí é onde el está a gusto. É a súa especialidade. Amaga, sae, amaga, sae... ¿para qué coño repasamos tanto vídeo? O da cremiña estaba ben sempre que non acabaras colléndolle gusto, que despois pasa o que pasa...

MARINA. Qué pasa.

MARTIRIO. O que non ten que pasar. O que eles queren que pase.

MARINA. Xa vexo que estás alarmada.

MARTIRIO. Alarmada é pouco. Ao parecer non che abonda con que o árbitro estea compinchado, ti quéresllo poñer aínda máis a güevo.

MARINA. Non é iso.

MARTIRIO. Entón qué é.

MARINA. Nada que deba preocuparte.

MARTIRIO. Pois preocúpanos a min e a todos os que confiamos en ti. Están que soben polas paredes.

MARINA. Que baixen, que non é para tanto.

MARTIRIO. Cómo que non é para tanto. Lémbtrate: os de arriba dixeron que caías nun asalto.

MARINA. E vou polo quinto.

MARTIRIO. E nós dixemos que era el que non tiña nada que facer contigo. Que se ata agora non perdera nunca era porque se enfrontara a rivais de quinta categoría...

MARINA. Non cantes derrota tan pronto...

MARTIRIO. É que a vexo vir.

MARINA. Es unha boa adestradora, unha amiga regular e unha pésima profeta.

SOA O GONG.

MARTIRIO. A ver se é verdade. Demóstramo: acaba con el, non cedas un paso máis ¿entendido? Demóstralle quén apunta mellor.

MARINA. Entendido. Un pouco de colorete.

MARTIRIO. ¿Dixeches colorete? ¡Isto non é unha boleira!

MARINA. ¿E qué?

MARTIRIO, CONTRARIADA, OBEDECE E DÁLLE UN PAR DE PEQUENOS BROCHAZOS NA CARA...

Grazas, encanto.

TODO ESTÁ LISTO PARA QUE COMECE O...

QUINTO ASALTO

O ÁRBITRO TEN PREPARADAS UNHA BÓLA PARA CADA PÚXIL. INTRODUCEN OS SEUS DEDOS NELA COMO SE FOSEN LUVAS DE BOXEO.

OS DOUS BATEN AS BÓLAS NUN BRINDE DE XOGO LIMPO.

MARCELO. As señoritas primeiro.

MARINA. No monitor apareces primeiro. As regras son as regras.

MARCELO DISPONSE A TIRAR FRENTE AO ESPECTADOR. FAI UN POUCO O PALLASO DEBUXANDO POSTURIÑAS DE PROFESIONAL DE BOLEIRA QUE DESATAN O SORRISO DE MARINA. LANZA FINALMENTE, IMAXINARIAMENTE, A BÓLA E SEGUE A SÚA TRAXECTORIA ATA OUVIR O NÚMERO DE BOLOS QUE DERRUBOU.

MARCELO. ¡Sete! Estou frío.

MARINA. *(CON SEGUNDAS INTENCIONES.)* Quén o diría.

MARCELO. Por fóra. Estou frío só por fóra.

MARINA. ¿Tócame?

MARCELO. Impaciente... xa che tocará... Teño unha segunda oportunidade.

MARINA. A ver se a aproveitas.

MARCELO. *(SEMPRE CUN DOBRE SENTIDO.)* ¿Cres que teño algunha posibilidade?

MARINA. Bastantes.

MARCELO. Guau.

MARINA. Veña, lanza, a ver se tiras o resto. Tes estilo.

MARCELO. O malo é que o estilo non derruba os bolos.

MARINA. Pero faino todo máis divertido.

LANZA MARCELO. FALLA.

MARCELO. Nin pleno nin nada. Qué lle vamos facer. A cousa acaba de empezar.

MARINA. Aínda hai tempo para todo.

MARCELO. ¿Para todo?

MARINA. Case.

MARCELO. Adiante.

MARINA CONCÉNTRASE. NON SABE POR ÓNDE EMPEZAR. A BÓLA PÉSALLE TANTO QUE PARECE COMO SE O BRAZO SE LLE ALARGASE POR MOMENTOS ATA CHEGAR AO CHAN.

MARINA. ¿Podo dicirche unha cousa?

MARCELO. ¿Qué?

MARINA. Non xoguei a isto na miña vida.

DÍXOLLO MIRÁNDOO AOS OLLOS.

MARCELO. Eu tampouco.

MARINA. Refírome aos bolos.

MARCELO. Eu tamén.

MENTEN OS DOUS.

PAUSA. SEGUEN MIRÁNDOSE: ELA, COMICAMENTE CHEPUDA; EL. IMÍTA A SÉNTENSE QUASSIMODO.

Está ben, axúdoche.

COLÓCASE DETRÁS DELA. SOBE A TEMPERATURA. INDÍCALLE O MOVEMENTO BASCULANTE QUE DEBE FACER A BÓLA, A MIRADA FIXA NOS IMAXINARIOS BOLOS E O CARRIL QUE CONDUCE A ELES.

MARINA SOLTA A BÓLA, E MIRA CARA AO FONDO. A BÓLA VAI LENTAMENTE CARA AO SEU DESTINO.

MARCELO, SEN EMBARGO, NON QUITOU A VISTA DO SEU RIVAL.

SOA, DESPOIS DUNHA LONGA PAUSA, O CHASQUIDO EN BLOQUE DOS BOLOS.

MARCELO. ¡Strike! ¡Joder!

MARINA. *(PERPLEXA, COA MIRADA PERDIDA.)* ¡¡Tireinos todos!

MARCELO. Deches no centro.

MARINA. E iso que case non chega. É que pesa moito.

MARCELO. Apuntaches ao corazón.

MARINA. Si.

MARCELO. Polo visto é a túa especialidade.

MARINA. ¿Qué?

MARCELO. O corazón.

MARCOS. ¡Miña nai, tío! ¡Pódese saber a qué xogas!

MARTIRIO. ¡Non te creas nada! ¡Quere engaiolarte e, despois, zas!

MARINA. ¿E agora?

MARCELO. Tócame.

MARINA. Pero eu só tirei unha vez.

MARCELO. Chega... ¿Non viches? Aprendes rápido.

MARINA. Será o mestre que me botei. O mellor.

MARCELO. Por suposto.

POSTURIÑAS PREVIAS DE MARCELO. RISOS CÓMPLICES DE MARINA. NON SE OE NADA.

MARCELO. Increíble. Nin unha. Creo que hoxe non é o meu día.

MIRA CARA O CURRUNCHO. MARCOS TAPA A CARA, ASOMANDO SÓ UN OLLO, QUE SE NEGA A RECOÑECER O QUE VEU.

Había tempo que non me pasaba. Xúrocho. Normalmente eu...

MARINA. Tranquilo. Pásalles a todos.

MARCELO. Non é por buscar unha escusa, pero non sei se é a excitación do momento, ou non sei... non consigo encontrar unha explicación...

MARINA. Non hai por qué buscala. É normal. Non tes que darlle máis importancia, reláxate e punto.

MARCELO. Non meto unha.

MARINA. *(DESILUSIONADA. CON RENOVADAS INTENCIONES.)* ¿Non?

SORRÍN OS DOUS. MÍRANSE.

MARCELO. Algo me pasa.

MARINA. Qué pasa.

MARCELO. Algo que nunca me pasara.

MARINA. Un gatillazo.

MARCELO. Nunca así...

MARINA. Así, así, Marcelo perde así...

MARCELO. Ás veces gáñase sen gañar...

MARINA. ¿E se nos perdemos?

MARCELO. Téñoche ganas...

CHEGA O ÁRBITRO. VAI DE MAITRE. MARCELO E MARINA NON CONSEGUEN APARTAR A MIRADA CARA A NINGÚN LADO.

ÁRBITRO. A mesa espéraos.

MARCELO. ¿Qué?

ÁRBITRO. A mesa.

MARINA. Que espere.

ÁRBITRO. Pensei que terían apetito.

MARCELO. Teño un apetito terrible.

MARINA. Anda que eu...

CÓMENSE COA MIRADA.

ÁRBITRO. ¿Entón?

MARCELO. Creo que comeremos algo antes de comer.

MARINA. Poña a refrescar o champaña...

ÁRBITRO. ¿Francés?

MARINA. (A MARCELO.) ¿Francés?

MARCELO. Francés.

MARINA E MARCELO TIRAN AS LUVAS-BÓLAS SEN APARTAR A MIRADA, DÁNLLAS AO ÁRBITRO. SOA O GONG.

SEXTO ASALTO

OS DOUS CHEGAN AOS SEUS CURRUNCHOS COMO SE RECIBIRAN UN DIRECTO Á MANDÍBULA. VAN COMO ZOMBIS.

MARCOS. ¿Dóeche?

MARCELO NON CONTESTA, SENTA.

¿O queixo, foi no queixo, non?

MARCELO TÓCASE MÁIS ABAIXO. NO PEITO.

¿Mirácheste o colesterol? Igual subiches algo de peso. Tesme desconcertado.

¿Dende cándo che dá por golpear ao ar? ¡Deixácheste!

MARCELO. Xúroche que non. Foi un baixón.

MARCOS. Ou sobe a cousa ou nos afundimos...

MARCELO. Enseguida me recupero, xa verás.

MARCOS. Tes o ventre un pouco inflado.

MARCELO. Serán gases.

MARCOS. (MIRANDO CARA AO PANTALÓN.) ¡Joder!

MARTIRIO. ¿Cómo caíches na trampa?

MARINA. (SENTANDO.) ¿Qué trampa?

MARTIRIO. Deixaches que te rodease, tía. Primeiro pasas del e logo non lle quitas a vista de enriba.

MARINA. Teño unha cousa aquí. Na gorxa.

MARTIRIO. ¿Como náuseas?

MARINA. Si, iso é. Estou de puta madre.

MARTIRIO. Non hai quen te entenda.

SOA O GONG.

Anda, a ver se arranxas a cousa un pouco.

MARINA. (INCORPORÁNDOSE.) ¿E qué fago?

MARTIRIO. Ti saberás. Non quero desanimarte, pero...

MARINA. Qué...

MARTIRIO. Nada, nada... ti ao teu...

SAEN OS DOUS CONTRINCANTES CARA AO CENTRO DA CAMA-RING, PREOCUPADOS MÁIS POLO ESTADO DA SÚA ROUPA E POLO SEU ASPECTO EN XERAL QUE POLO CONTRARIO. CHEGAN E VOLVEN A MIRARSE. SORRÍN.

FAISE ESCURO LENTAMENTE NO ESPAZO QUE DELIMITA O RING ATA QUEDAR NUNHA PENUMBRA DO MÁIS INSINUANTE. OS DOUS PÚXILES PARECE QUE

*SON MENOS INIMIGOS DO QUE SE PRETENDÍA.
OCÚLTANSE DEBAIXO DAS SABAS, O ÁRBITRO RECOLLE A CAMISETA E OS
PANTALÓNS DE MARCELO; DESPOIS A ROUPA DEPORTIVA DE MARINA.
OS DOUS LANZAN CARA AO EXTERIOR O RESTO DA ROUPA QUE LEVAN.
O SOSTÉN VOA CARA AO CURRUNCHO DE MARTIRIO, DESPOIS AS BRAGAS.
MARCOS CAZA AO VOO OS CALCETÍNS DE MARCELO, DESPOIS OS SEUS
CALZÓNS.
NON HAI DÚBIDA, CHEGOU A HORA DO CORPO A CORPO.
MARCOS, ALARMADO, DECIDE ACUDIR AO CURRUNCHO DE MARTIRIO, SEN
PERDER DE VISTA O VULTO QUE, DEBAIXO DA SABA, NOS FALA DE GOLPES
HÚMIDOS E DOCES.*

MARCOS. Qué tal.

MARTIRIO. Ben, xa sabes.

MARCOS. Tanto como ben...

MARTIRIO. De peores temos saído.. ¿E?

MARCOS. Qué.

MARTIRIO. Qué queres.

MARCOS. Nada. Facerche unha visita.

MARTIRIO. Coñézote demasiado. Ti non vas a ningún sitio se non queres sacar algo.

MARCOS. (SORRÍ.) Joder, Marti, non cambiaches.

MARTIRIO. A certas idades xa non se cambia... solta.

MARCOS. Están no corpo a corpo...

MARTIRIO. Xa vexo. Ben, o que me deixan. Di.

MARCOS. Vale, veño a non perder nin un minuto máis. Nin a ti nin a min nos sobra o tempo. Abonda, ¿non che parece?

MARTIRIO. Estupendo.

MARCOS. Propóñoche un atallo.

MARTIRIO. Coño, se é por ti acaban no Polo Norte. A próxima vez faslle un plano.

MARCOS. É imposible que gañedes.

MARTIRIO. Pode ser.

MARCOS. Confesa que o tedes moi difícil. ¿É ou non é?

MARTIRIO. É.

MARCOS. Pois iso.

MARTIRIO. Pois qué.

MARCOS. Que pactamos e vamos para a casa.

MARTIRIO. ¿Cómo?

MARCOS. Non te fagas a parva.

MARTIRIO. ¿Estás pedindo que amañemos a cousa...?

MARCOS. Non, estouche pedindo que sexamos sensatos. Xa ves cómo se están poñendo.

MARTIRIO. Morados.

MARCOS. En ridículo.

MARTIRIO. Qué clase de apaño.

MARCOS. Ben, pensamos que...

MARTIRIO. ¿Pensamos?

MARCOS. Si, consúlteino co Conselleiro Delegado, a directora de Márketing e co Subdirector Xeral.

MARTIRIO. A plana maior, con muller incluída...

MARCOS. Si. Isto non é unha loita de sexos.

MARTIRIO. ¿Non?

MARCOS. Fóra coñas, Marti, que estamos no século XXI...

MARTIRIO. No século XXI da Idade Media...

MARCOS. A mesma canción, a ver se cambias polo menos a melodía.

MARTIRIO. Ou sexa: que os teñen aquí. (TÓCASE A GORXA.)

MARCOS. Témolos aquí. (TÓCASE ONDE OS TEN.) Só que non necesitamos asumir

riscos.

MARTIRIO. Xa.

MARCOS. Nin nós nin vós. Xa me entendes.

MARTIRIO. Si.

MARCOS. ¿É que non te deches conta?

MARTIRIO. Si.

MARCOS. ¿E non che soa de nada?

MARTIRIO. Si.

MARCOS. Se nós non tivéramos a ninguén que amañara o noso combate posiblemente non estaríamos aquí agora, falando tranquilamente.

MARTIRIO. Posiblemente.

MARCOS. ¿Entón?

MARTIRIO. ¿Qué?

MARCOS. O pacto.

MARTIRIO. Explícate.

MARCOS. A túa pupila era aspirante a unha Xefatura de Sección.

MARTIRIO. Exacto. El só tiña que defender o título, o de sempre.

MARCOS. Tena a tiro.

MARTIRIO. O rei do gatillazo, polo que acabamos de ver...

MARCOS. Na sesta cae.

MARTIRIO. Xa.

MARCOS. Non quero que vaia a máis.

MARTIRIO. Xa.

MARCOS. Unha subdirección no Departamento, co mesmo soldo que a Xefatura.

MARTIRIO. Pero non é o mesmo.

MARCOS. Xa sei que non é o mesmo. Estás falando cun xefe de Sección.

MARTIRIO. Estás falando cunha subdirectora de Departamento.

MARCOS. Que ascendeu no seu día polo mesmo pacto do que estamos falando.

MARTIRIO. Exacto.

MARCOS. ¿E?

MARTIRIO. Que pode que Marina mereza algo máis.

MARCOS. Como qué.

MARTIRIO. Unha vicexerencia, por exemplo.

MARCOS. ¿Vicexerencia?

MARTIRIO. Si, sabías que che ía pedir iso, mamón.

MARCOS. (RI.) En efecto: a vicexerencia de management. (*ENTRÉGALLE UNS DOCUMENTOS QUE TRAÍA PREPARADOS.*) Só ten que asinar. Había que intentalo, por se as moscas... Estás en forma.

MARTIRIO. Non aprenderás. Direillo.

MARCOS. (*MIRANDO CARA AO RING, ESCURO.*) Espero que non sexa demasiado tarde.

MARTIRIO. Tampouco hai que esaxerar.

MARCOS. Pásaste mañá polo despacho. Por certo ¿tes que facer algo o fin de semana que ven?

MARTIRIO. Si, pasareime mañá polo teu despacho.

SOA A CAMPÁ. ACABOU O ASALTO. MARCOS CHEGA AO SEU CURRUNCHO. DENDE A ESCURIDADE XORDE A FIGURA DE MARINA, PELO REVOLTO, COLORADA. LEVA UNHA CAMISA DE PIXAMA A RAIAS, SIMPLEMENTE. VAI ALGO DESORIENTADA, MÁIS QUE ISO: CASE ZOMBI. DÁSE CONTA DE QUE SE EQUIVOCOU DE CURRUNCHO. DI "PERDÓN" AO MESMO TEMPO QUE MARCELO, QUE -PANTALÓN DE PIXAMA A RAIAS, TORSO ESPIDO, RESTOS DE PINTALABIOS POLA CARA- SE TOPARA EN PLENA DESORIENTACIÓN CON MARTIRIO. OS DOUS CONTRINCANTES VAN CARA AOS SEUS RESPECTIVOS CURRUNCHOS. CRÚZANSE NO CENTRO DO RING, RÓZANSE. SORRÍN. CHEGAN ATA OS SEUS ADESTRADORES.

MARCOS. ¿Pásache algo?

MARCELO. Non. Si. Ben, non, non me pasa nada.

MARCOS. É a primeira vez que te equivocas de currencho. (*COMEZA A TIRARLLE CUNHA TOALLA OS RESTOS DE CARMÍN.*) En vez de sangue, fíxoche suor carmín. (*MARCELO SORRÍ. COMEZA A VESTIRSE.*)

MARCELO. A primeira vez.

MARCOS. Prepárate, menos mal que xa está todo resolto.

MARCELO. Qué.

MARCOS. Que isto acabouse, antes de tempo. O último asalto.

MARCELO. Non entendo.

MARCOS. Coño, Marcelo, cómo hai que dicirche as cousas. Que falei con Martirio e hai acordo.

MARCELO. ¿Pactan?

MARCOS. Si. ¡Non van pactar! ¡Se están coa auga ao pescozo!

MARCELO. Mira. *MÓSTRALLE O PESCOZO.*

MARCOS. Xa vexo.

MARCELO. Morde que dá gusto.

MARCOS. Qué besta.

MARCELO. ¿Tes un peite?

MARCOS. Para qué.

MARCELO. Para quitar o morado.

MARCOS. Toma. (*DÁLLO. MARCOS APROVEITA PARA PEITEARSE UN POUCO E DESPOIS REPASA OS MORADOS CON EL.*) Eses sinais poden dar que falar mañá na oficina.

MARCELO. ¿E qué di Marina?

MARCOS. E eu qué sei o que di Marina, está grogui, achanta, supoño. Total: non conseguí todo o que quería pero tampouco vai saír derrotada. Non pode pedir máis.

MARCELO. Así que este é o último.

MARCOS. Nunca é tarde para acabar antes de que sexa tarde de verdade. ¿Cándo foi o golpe? Non o vin.

MARCELO. Eu tampouco. Estes golpes son así. Cando menos o esperas.

MARCOS. Un golpe baixo.

MARCELO. Non, home. Moi alto. Invisible.

MARCOS. Xa sabes: ou se deixa caer ou tira a toalla. Acósaa un pouquiño, que non pareza que...

MARCELO. Merda.

MARTIRIO AXUDA A MARINA QUE, SEN APENAS PODER DE REACCIÓN, DÉIXASE FACER: ARRÁNXLLE UN POUCO O PELO, QUÍTALLE A CAMISA DO PIXAMA, VÍSTEA CON ROUPA NORMAL...

MARTIRIO. Feito.

MARINA. Qué.

MARTIRIO. A vicexerencia, tragaron.

MARINA. Pero...

MARTIRIO. Sen comentarios, mírate no espello e non te atreverás a abrir a boca.

MARINA. Aínda non perdín.

MARTIRIO. Aquí non perdeu ninguén. Esa é a cuestión. Nunca perde ninguén, pero sempre gañan eles.

MARINA. Un momento, un momento. Dáme este último asalto polo menos para intentalo.

MARTIRIO. ¿Seguro que é iso o que queres?

MARINA. Si. Non. Non sei o que quero.

MARTIRIO. Imaxinábao.

MARINA. Non tes nin idea.

MARTIRIO. Máis do que ti te cres. Non esquezas que eu...

MARINA. Non é o mesmo.

MARTIRIO. ¿Non?
MARINA. Non.
MARTIRIO. Ao final vai resultar verdade o que din del. ¿Éo?
MARINA. Sen comentarios.
MARTIRIO. ¿Cándo foi? ¿De súpeto? Non vin o golpe.
MARINA. Nin eu.
MARTIRIO. ¿Ónde foi?
MARINA. Por aquí... *(INDÍCALLE UNHA ZONA DO PEITO PRÓXIMA AO CORAZÓN.)*
MARTIRIO. Iso é un bocado.
MARINA. ¿Sí?
MARTIRIO. Mañá, á oficina sen escote, que o chupón ese canta moito... E pode dar que falar...
MARINA. Porei a bufanda.
MARTIRIO. ¿Tiro a toalla ou dobras o xeonllo?
MARINA. *PÉNSAO, MÍRAA CUN TOQUE DE REBELDÍA E MOITAS GANAS DE VOLVER AO RING. DI ALGO, PERO O SON DA CAMPÁ IMPIDE QUE POIDAMOS OUVIR A RESPOSTA DE MARINA.*
OS DOUS CONTENDENTES VAN CARA AO CENTRO DA CAMA. CHEGOU A HORA DO....

ÚLTIMO E MEDIO ASALTO

OÁRBITRO-RECEPCIONISTA-ORDENANZA-DEUS LEVA AS MALETAS ATA DETRÁS DA ALMOFADA COLOCADA NA PARTE DIANTEIRA DA CAMA, CONVERTIDA EN COCHE, COMO NA PRIMEIRA ESCENA.
MARCELO CONDUCE LENTAMENTE. MARINA APOIA A SÚA CABEZA NO OMBREIRO DE MARCELO.
SOA A MÚSICA DE KENNY G.
O ÁRBITRO OBSÉRVAOS DESDE ATRÁS, SENTADO SOBRE UNHA MALETA, MENTRES LLES "ENFOCA" O VENTILADOR NO SEU PROGRAMA MÁIS LENTO.
MARINA. Deusss...
MARCELO. Qué.
MARINA. Quén me ía dicir onte a min que me ía caer ben Deus...
MARCELO. Pobre, só lle falta facernos a maleta.
MARINA. É que a min fíxoma.
O ÁRBITRO SORRÍ.
 E antes aplicoume unha boa loción para aliviarme a picadura dos mosquitos.
SORRÍ MARINA. O ÁRBITRO MOSTRA A LOCIÓN MÁXICA.
MARCELO. ¿Pasáchelo ben?
MARINA. ¿E ti?
MARCELO. Eu preguntei primeiro.
MARINA. Porque sabes a resposta.
SUSPIRA RELAXADA E FELIZ. MARCELO SUSPIRA CON ELA.
MARCELO. Cando o outro día veu ao meu despacho a xente do gabinete de relacións externas, pensei: unha máis que quere caer...
MARINA. ¿Sabes o que pensei eu cando mo propuxeron?
MARCELO. Qué.
MARINA. ¿E se pasa o que todos estes non cren que vai pasar? ¿E se...?
MARCELO. É curioso, tamén tiven eu o mesmo sentimento. E iso que apenas me cruzara contigo un par de veces. O suficiente para pensar: un bo cu, si señor...
MARINA. Eu estiven observándote, sen que te decatases, un día, na máquina de café. Díxenme: qué pena, tan interesante e tan cretino.
MARCELO. Moi amable.
MARINA. É que, entre as mulleres arrastras unha fama de cretino que para qué.
MARCELO. Gañeino a pulso. ¿Sabes de qué tes ti fama?

MARINA. De víbora.

MARCELO. De víbora imperturbable. Exacto. Por iso me tentou o reto.

MARINA. E aquí estamos, a víbora e o cretino, máis perdidos ca o gordo e o fraco navegando por interné...

MARCELO. Estamos chegando ao cruce, esta vez non me vou equivoccar.

MARINA. Unha pena.

MARCELO. Por qué.

MARINA. Porque ocorrásame que... podíamos atallar...

MARCELO. ¿Por ónde?

MARINA. ... por París.

MARCELO. ¿Ti cres?

MARINA. Ahá.

PAUSA.

MARCELO. Mañá é luns.

MARINA. Xa.

PAUSA.

MARCELO. A xente quere saber a decisión dos xuíces. Xa sabes: as apostas e todo iso.

MARINA. Xa.

PAUSA.

MARCELO. E nós temos que reincorporarnos ao traballo: Eu sigo sendo un vitorioso director xeral adxunto e ti unha vitoriosa subxerente acabada de ascender. Todos gañamos, eles tamén.

MARINA. Parecen unha eleccións xerais. Aquí non perde ninguén.

MARCELO. Iso é.

MARINA. Depende.

MARCELO. Non te entendo.

MARINA. Igual os que perdemos somos nós... ou simplemente perdemos todos.

MARCELO. Pode ser.

MARINA. ¿Non te cansas nunca de facer o que tes que facer? Seguir sempre o camiño que che marcan.

MARCELO. ¿Non te cansas ti?

MARINA. Son muller. É distinto. Vós sempre defendedes o título. Nós somos as eternas aspirantes. Gústame loitar.

MARCELO. E gañar.

MARINA. Ata hoxe si, só que acabo de descubrir que, realmente, o importante é pelexar. O resultado pode ser o de menos.

MARCOS INDÍCALLE A MARTIRIO QUE CHEGOU O MOMENTO DE QUE TIRE A TOALLA.

MARINA. Non esquezas que este mundo foi deseñado por un dos teus, un executivo, o máis alto, o altísimo: Deus.

MARCELO. ¿Deus? *(SINALA CARA ATRÁS.)*

MARTIRIO VAI TIRAR A TOALLA, PERO O ÁRBITRO EMPEZA A CANTAR A CONTA ATRÁS.

ÁRBITRO. Dez... nove...

MARINA. O outro. *(SINALA CARA ARRIBA.)*

E cubriuse de gloria.

ÁRBITRO. Oito... sete...

PAUSA.

MARINA. ¿Entón...? ¿Pelexamos xuntos?

PAUSA.

ÁRBITRO. Seis... cinco...

MARCELO. ¿E a túa subxerencia?

MARINA. ¿E a túa fama de indomable?

PAUSA.

ÁRBITRO. Catro... tres... dous...

MARCELO. ¿París?

ÁRBITRO. Un...

MARINA. París.

SOA A CAMPÁ FINAL. O VENTILADOR CAMBIA DE PROGRAMA E PONSE A TOPE.

METERON, XUNTOS, A DIRECTA, RUMO A NON SE SABE ÓNDE.

FAISE O ESCURO.

SOA A VOZ EN OFF DO ORGANIZADOR DO COMBATE:

"Señoras e señores, xuíces de butaca, chegou o momento da deliberación.

Vostedes teñen a última palabra.

Cando eu lles indique mostrarán, por favor, a cor que decidiron para identificar ao vencedor deste combate a seis asaltos polo título doméstico dos pesos medios...

Se a vencedora é ¡Marina... beizos de xeo!... ergan o cartón vermello.

O azul... se o vencedor é ¡Marcelo... o tigre da güep...!

Atención, á unha, ás dúas, e ás tres...

¡Arriba eses cartóns!

UNHA LUZ ILUMINA O PATIO DE BUTACAS. OS ESPECTADORES, AOS QUE SE LLES PUIDO REPARTIR -OU NON- UN PROGRAMA DE MAN-CARTÓN DE DELIBERACIÓN, PODE QUE DECIDAN A COR DO TRIUNFADOR DA NOITE...

A LUZ DESPOIS VOLVE Á GRAVATA.

O ÁRBITRO SITUOUSE NO MEDIO DOS DOUS CONTENDENTES AOS QUE OS SEUS RESPECTIVOS ADESTRADORES -QUE NON DISIMULAN O SEU ENFADO-COLOCÁRONLLES, DE MALA FORMA, AS LUVAS (AS DE MARIÑA VERMELLAS, AZUIS AS DE MARCELO).

O ÁRBITRO COLLE UNHA MAN DE CADA UN DOS QUE ACABAN DE DIRIMIR A CONTENDA. AÍNDA NON SE SABE O BRAZO DE QUÉN VAI ERGUER.

"E despois dunha apertada deliberación dos nosos xuíces de sala, vostedes decidiron declarar vencedor do combate aos puntos a..."

VAISE FACENDO O ESCURO MOI LENTAMENTE MENTRES PASAN OS SEGUNDOS, OS BERROS AXORDAN E UNHA MÚSICA DE CERIMONIA OLÍMPICA E O CONSABIDO "WE'RE THE CHAMPIONS" INVÁDEO TODO.

FIN